


FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN


CRONOLOXÍA



A familia Delgado Gurriarán. Casa da Cultura. O Barco de Valdeorras (Ourense)

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022

 Seminario Galán.org



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN

LETRAS GALEGAS 2022

CRONOLOXÍA



Casa da Cultura. O Barco de Valdeorras
(Ourense)

1903

Nace Florencio un 27 de agosto na aldea de Córghomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras.

1909

A familia trasládase a vivir a Ourense.

1913

Traslado a Palencia por motivos profesionais do pai, funcionario do Ministerio de Fomento.

1921


Falece Consuelo, a nai de Florencio, aos 59 anos, de morte natural.

1924

Remata, en Valladolid, a carreira de Dereito.

1928

Volta a Córghomo para preparar as oposicións a Rexistrador da Propiedade. Faise socio protector do Seminario de Estudos Galegos.



1903

Florencio, cun ano de idade. (Ca.1904)

Casa da Cultura. O Barco de Valdeorras (Ourense)



1907

Florencio, á esquerda, co seu irmán maior, Edmundo. (Ca. 1907)

Casa da Cultura. O Barco de Valdeorras (Ourense)

1929

Comeza a traballar de pasante nun bufete do Barco de Valdeorras.

1931

Participa activamente no artellamento do Partido Galeguista en Valdeorras.

1933

Ingresa no Partido Galeguista.

1934

A Editorial Nós, o 24 de abril, publica *Bebedeira* o seu primeiro libro de poemas.

1936

Comeza o golpe de estado franquista e Florencio ten que fuxir, primeiro a Portugal e, posteriormente, a Francia.

1938

Chega a Barcelona no mes de xaneiro e ingresa, co grao de tenente, no exército republicano.


Entra a formar parte da Executiva do Partido Galeguista.

1939

Organiza a evacuación de prisioneiros de guerra confinados en campos de concentración franceses.

Parte no buque Ipanema, xunto con case mil refuxiados políticos ao exilio de México.

Obtén a nacionalidade mexicana.



1933

Carné do Partido Galeguista de Florencio Delgado no que figura como Segredario de Propaganda do Grupo de Córrego.



1934

Bebedeira é o seu primeiro libro de poemas. Foi editado por NÓS en 1934.



1939

Exíliase a México a bordo do buque Ipanema, Consegue a nacionalidade mexicana,

1942

Participación na publicación da revista *Saudade*, da que se editarán sete números, ata o ano 1953.

1943

O Partido Galeguista, en México, publica *Cancioneiro da Loita Galega*.

1944

Casa con Celia Teixeira, coa que tivo cinco fillos.

Asina, en representación do Partido Galeguista, o pacto Galeusca, de actuación política entre os exiliados vascos, cataláns e galegos.

1946

Colabora no volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, coa tradución de obras de autores franceses.

1949

Comeza a traballar nos Laboratorios Querralt Mir.

Edítase, en Bos Aires, *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*.

1951

Trasládase a vivir á cidade mexicana de Guadalaxara.

1953

Fúndase o Padroado da Cultura Galega de México para promover iniciativas culturais e no que participa Florencio.



1942

O Partido Galeguista edita en México *Cancioneiro da Loita Galega* para homenaxear aos compañeiros caídos na Guerra Civil.



1944

Florencio casou con Celia, filla dun emigrante galego en México, coa que tivo cinco fillos.

Casa da Cultura. O Barco de Valdeorras (Ourense)

1959

Edítase a revista *Vieiros*, da que Florencio é un dos fundadores e da que só se editaron catro números.

1963

A Editorial Galaxia, de Vigo, publica *Galicia infinda*.

1968

Primeira visita temporal a Galicia.

1973

Xubilase como empregado dos Laboratorios Queralt Mir.

1976

Fai unha segunda viaxe a Galicia.

1981

Publícase *Cantarenas* por Ed. do Castro, Sada-A Coruña.


Fai a súa terceira e derradeira visita a Galicia. Foi elixido membro correspondente da Real Academia Galega.

1986

Publícase *O Soño do guieiro* (opúsculo de poesía). Ed. do Castro, Sada-A Coruña.


1987

Falece o 14 de maio con case 84 anos de idade cando se atopaba na casa dunha filla, en Fair Oaks, California.



1959

A revista *Vieiros* tiña carácter cultural e galeguista. Editouse en México de 1959 a 1968.



1981

En Sargadelos, na súa terceira e derradeira visita a Galicia,

Casa da Cultura. O Barco de Valdeorras (Ourense)



1986

O soño do guieiro editouse para conmemorar o 25 cabodano da morte de Castelao. é o derradeiro libro de Florencio Delgado.